



PREGUNTA ORAL SOBRE AS MEDIDAS ADOPTADAS PARA COMBATER O REPUNTE DO CONSUMO DE DROGAS NO ÁMBITO MUNICIPAL

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Santiago, ao abeiro do establecido na normativa de aplicación eleva a esa Alcaldía, para a súa inclusión na Orde do día a debater no Pleno da Corporación, a seguinte **PREGUNTA ORAL**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde hai varias semanas, entidades significadas na loita contra a droga teñen alertado do incremento da oferta e consumo de distintos opiáceos, en especial, heroína. É unha tendencia que, despois do acontecido na época negra da década dos oitenta e principios dos noventa, volve a manifestarse en sectores da poboación cada paso máis novos e que se estende a todos os niveis.

O concello de Santiago non é alleo a esta importante problemática, posto que se teñen dado a coñecer distintos lugares de distribución e consumo tanto en zonas céntricas como nos barrios, tal e como teñen denunciado publicamente distintos representantes veciñais. O propio alcalde recoñeceu recentemente ese incremento do consumo de drogas que se rexistra no termo municipal.

En relación con esta cuestión, formúlase a seguinte pregunta:

Que medidas ten adoptado ou vai adoptar o Goberno municipal para combater esta situación e concienciar á veciñanza dos perigos que se derivan do consumo de drogas?

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2018

María Corral López
Concelleira do Grupo Popular